

FOGAR RECOÑECIDO

Hoxe, como un día normal, véñenme ver os meus amigos Xoán e Xela. É curioso porque teñen que desprazarse ata Terras de Burón, só para falar cun vello salgueiro chorón que o único que sabe facer é protestar por todo, bueno, por todo non. Sempre me contan do que pasa polo lugar, sobre todo de especies invasoras.

Eu xa levo aquí moitos anos, coñecín aos tataratataravós deses dous paxaros pequeniños. Voan desde Ribadeo pasando por moitos concellos como os de Trabada, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Baleira, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Castropol, Vegadeo, Taramundi, San Tirso de Abres, Vilanova de Oscos, Santa Eulalia de Oscos e San Martín de Oscos. Por todos estes lugares pasa o río que os une, o río Eo. Como fan un traxecto tan longo, fíxanse nas persoas que hai na zona e contan nada máis e nada menos que 32.974 habitantes, aos que tanto medo lles teño polas talas. Tardan moito en vir, pero sempre chegan a tempo antes de que me poña durmir.

Tamén me contan das zonas polas que voan, as percorridas polo río Eo. Estas son a Reserva Natural Parcial da Ría de Ribadeo, o Lugar de Importancia Comunitaria de Penarronda-Barayo, a Ría de Ribadeo, o Río Eo e a cunca do Agüeira, a Zona de Especial Protección para as Aves Penarronda-Barayo e a Ría de Ribadeo, incluíndo o Humedal Ramsar Ría de Ribadeo e o Monumento Natural da Praia de Penarronda.

O día máis importante para min foi cando os humanos nos declararon Reserva da Biosfera, exactamente o 19 de setembro de 2007. A partir de aí todo cambiou e, por se isto fora pouco, o 11 de decembro de fai 5 anos instalouse outro cambio moi importante: asinouse o Protocolo de Colaboración para a Coordinación da Xestión. Xa sei que o meus pés non se moven, nin o van facer, pero son feliz coas historias de Xoán e Xela e decidín non protestar tanto para non encher de bágoas o meu fogar recoñecido.

Sergio Villar Díaz (IES de Ribadeo Dionisio Gamallo)